

RAMA: HUMANIDADES

1. PROFESORADO. O Departamento de Latín conta cun **profesor definitivo, catedrático de latín**, de formación universitaria completa no ámbito das Humanidades: Filoloxía Clásica, Filoloxía Hispánica, Xeografía e Historia, Historia da Arte e Xornalismo.

2. MATERIAS

Latín I e Grego I

Contidos

-Latín e Grego non abordan só contidos lingüísticos, senón moitos outros imprescindibles para contar cunha **base cultural sólida**, non só para outras materias do Bacharelato, senón tamén para etapas posteriores: amais de lingua, literatura, historia, arte e filosofía.

-Pese ao que se poida deducir do nome das materias, estudar latín e grego **non implica aprender dous novos idiomas modernos** (caso do inglés ou francés), senón as bases da nosa cultura, presentes en case todas as materias que se estudan no Bacharelato.

-Non é necesario ter cursado Latín ou Cultura Clásica na ESO, xa que no Bacharelato **se parte de cero**.

Destinatarios

-Estudos relacionados coas **linguas** e a **comunicación**: todas as filoloxías, tradución e interpretación, ciencias da comunicación (xornalismo, comunicación audiovisual, relacións públicas e publicidade).

-**Historia, xeografía, historia da arte, arqueoloxía, turismo...** En Latín e Grego abórdanse tamén este tipo de contidos: historia e arte antigos, xeografía, arqueoloxía.

-**Dereito** e estudos afíns. Amais da materia obrigatoria Dereito Romano, hai que ter en conta que este é a base do dereito occidental. Os conceptos e aforismos en latín son frecuentísimos en dereito.

-**Filosofía**. Naceu en Grecia, por tanto a base e terminoloxía proceden do mundo grego.

-**Educación Infantil, Educación Primaria, Pedagogía**. As habilidades comunicativas e lingüísticas son fundamentais nestes ámbitos, á parte de que se pode optar pola didáctica das linguas como futuros mestres.

3. VANTAXES

-Latín e Grego son dúas **asignaturas complementarias**, xa que moitos contidos son comúns, e é especialmente interesante cursar Grego xunto co Latín.

-Latín e Grego permiten a miúdo **reforzar os contidos lingüísticos doutras materias** comúns a todas as ramas: lingua castelá, lingua galega, inglés e francés.

-Non é preciso mercar libros de texto, xa que o **material de clase**, de elaboración propia, o facilita o profesor. Fronte á dixitalización, optamos por unha clase “humanizada”, libre de pantallas.

-O alumnado de Latín e Grego acada na Selectividade unha **media de 9** nas cualificacións, xa que o temario das materias non é excesivamente longo e os exames son especialmente doados, feito que compensa a menor ponderación que puidera ter Grego para certas carreiras universitarias (Educación Infantil ou Primaria, por exemplo).

-**Número de alumnos baixo**, o cal facilita o proceso de aprendizaxe e unha relación máis directa e próxima entre alumnado e profesor.

-**Aula de Humanidades propia**, con material accesible.

4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

-Participación nun **Contrato programa** relacionado coa **investigación no Patrimonio da Costa da Morte**. En 2º de Bacharelato, o Departamento de Latín tamén ofrece a materia **Realización dun traballo universitario**, destinada a adquirir as competencias básicas para afrontar un traballo de investigación universitario, modelo de tarefa moi habitual e que incluso conforma, por si mesmo, unha asignatura: Traballo de Fin de Grao (TFG).

-**Saída didáctica** a algún lugar de interese da Costa da Morte, non necesariamente relacionado só coa historia de Roma. Está vinculada ao **Contrato programa**.

-**Divulgación** das actividades anteriores a través da **prensa escrita** (*La Voz de Galicia*) e da **revista ou boletín** no que se recollen as investigacións do alumnado, a cal se lle entregará a finais de curso.

CONSULTAS

Félix Neira, profesor de Latín e Grego

jfagam@gmail.com